

Unha mirada que cura

Cotidianamente observamos ao noso arredor moitos sufrimentos que nos poden facer sentir impotente se non se abren físgoas de humanidade. Con todo, ás veces, a resposta viaxa por WhatsApp, como ocorreu nunha pequena comunidade dunha cidade de Italia que desexa vivir a unidade: *«...no hospital onde traballo hai un mozo, estranxeiro, que está completamente só e está a morrer. Quizá alguén podería pasar uns minutos con el, para dar un pouco de dignidade a esta situación?»*. Impacta profundamente e as respostas non se fan esperar. A mensaxe de quen estivo presente nas últimas horas di: *«Xunto á súa cama vimos enseguida que a asistencia era puntual, atenta e amorosa, e que por tanto non tiñamos nada que facer de concreto salvo estar alí. Nin el, xa en coma, podía beneficiarse da nosa presenza»*. Inútil? Nesas poucas horas, unha pequena comunidade, dentro e fóra do hospital, acompañou e deu sentido. Quen sabe se unha nai poderá choralo no seu país. Seguramente o seu “paso” non foi en balde para quen puido amar a aquel mozo, que xa non era un descoñecido.

A compaixón é un sentimento que nace desde dentro, desde o máis profundo do corazón humano. Fainos capaces de interromper a propia viaxe chea de compromisos e citas frenéticas do día e tomar a iniciativa para achegarnos e ofrecer unha mirada que coida, sen medo a “tocar” as feridas.

Explicao con incisiva sinxeleza Chiara Lubich: *«Imaxinemos que estamos na súa situación e tratémolo como quixésemos ser tratados nós no seu lugar. El ten fame? Teño fame eu – pensemos. E démoslle para comer. Sofre unha inxustiza? Son eu quen a sofre! E digámoslle palabras de consolo, compartamos a súa dor e non descansemos ata que non estea iluminado e aliviado. Veremos cambiar lentamente o mundo ao noso arredor»*¹.

Confírmalo tamén a sabedoría africana cun proverbio marfileño: «Quen acolle a un estranxeiro, acolle a un mensaxeiro».

Esta idea ofrécenos unha clave para realizar o humanismo máis auténtico; fainos conscientes da humanidade común, na que se reflicte a dignidade connatural de cada home e cada muller, e ensínanos a superar con valentía a categoría da “proximidade” física e cultural. Desde esta perspectiva, é posible ampliar os confíns do “nós” ata o horizonte do “todos” e reencontrar os fundamentos mesmos da vida social. E é importante coidarnos a nós mesmos, coa axuda dos amigos cos que camiñamos xuntos, cando nos parece que sucumbimos ante os sufrimentos que nos rodean. Lembrando que –como di o psiquiatra e psicoterapeuta Roberto Almada– *«se os bos abandonan a batalla por mor do cansazo, a nosa humanidade común correrá o maior dos riscos: o empobrecemento dos valores»*².

¹ Chiara Lubich - L'arte di amare - p. 60

² R. Almada: “Il burnout del buon samaritano” – Effatà editrice-2016